



## **X CAMPIONATO GALEGO DE COCIÑEIROS**

XII Campeonato de España de Cocineros -Jóvenes Restauradores de España  
Bocuse d'Or (Galicia) -Selección Autonómica

Convoca e organiza:



**Nota de prensa**

**03/02/2009**

### **Convocado o X Campionato Galego de Cociñeiros que se celebrará o 4 de marzo en Santiago de Compostela.**

A Organización para os Campionatos de Promoción das Profesiões da Hostelería Galega & Turismo anuncia a convocatoría do X Campionato Galego de Cociñeiros Profesionais que se celebrará o vindeiro 4 de marzo no Centro Superior de Hostelería de Galicia. Esta é a décima edición deste certame, proba clasificatoria para o “Campeonato de España de Cocineros 2009 – Jóvenes Restauradores – Bocuse D’or 2011”, que se celebrará en Madrid dentro do “XXIII Salón Internacional del Club Gourmets” os días 31 de marzo e 1 de abril.

A participación neste certame está aberta a todo o territorio galego, e poderán concurrir os profesionais de hoteles e restaurantes nados en Galicia que teñan cumpridos 23 anos antes do 27 de xaneiro de 2011 e que, polo tanto, estén en disposición de representar a Galicia nos eventos de carácter estatal ou internacional para os que este certame ten carácter clasificatorio. Cada participante deberá dispor dun axudante, que non deberá supera-los 22 anos na data anteriormente sinalada

A proba do Campionato consistirá, segundo o regulamento do Campionato de España, na elaboración de dúas receitas libres: a receita de peixe terá como materia prima base bacallau noruego e a receita de carne terá



## X CAMPIONATO GALEGO DE COCIÑEIROS

XII Campeonato de España de Cocineros -Jóvenes Restauradores de España  
Bocuse d'Or (Galicia) -Selección Autonómica

Convoca e organiza:



como materia prima base o solombo de tenrreira, que serán facilitadas pola organización, que deberán ir acompañadas de tres guarnicións elaboradas.

O xurado, composto por recoñecidos cociñeiros e xornalistas de prestixio, avaliará a presentación, o sabor e a armonía, a conxunción de sabores, texturas e sensación de cada receita. O resultado do certame darase a coñecer no remate da xornada e os galardons entregaranse na Gala do Turismo e Gastronomía de Galicia 2010.

O regulamento completo da proba e as fichas de inscrición poden descargarse na web <http://www.grupohgt.com/htm/eventos.php>. O prazo de inscrición remata o 17 de febreiro.